Os versos falsos

Mary Shelley

Tradución: Breogana Gato Blanco
Versión: 1.0
https://gatoblanco.chafalladas.com

“Dicídeme u-la muller
    de celme fiucego e amante,
que hei de o mundo percorrer
    e ó pé xemer un instante.”[1]

Moore.

Un fermoso día de xullo, a belida Margarida, raíña de Navarra, daquela visitando ó seu real irmán, organizara unha festa campestre para a mañá seguinte, á que Francisco declinara asistir. Estaba morriñento e, seica, a causa era unha rifa amorosa coa dama favorita. Chegou o día seguinte con choiva fecha e nubeiros que coutaron os plans da elegante xuntanza. Margarida estaba encabuxada e axiña se aburriu: a súa única esperanza de divertimento era Francisco que, como estaba encerrado, facía aínda máis tentador desexar velo. Entrou no seu cuarto. El estaba de pé diante da fiestra, contra a que petaba a ruidosa treboada, escribindo cun diamante no cristal. Dous fermosos cans eran a súa única compañía. Ó entrar a raíña Margarida, deixou caer ás présas a cortina de seda da fiestra e semellou un pouco confuso.

—Que traizón é esa, meu señor —dixo a raíña—, que vos arroiba as fazulas? Teño que sabela.

—É unha traizón —contestou o rei— e xa que logo, querida irmá, non debedes vela.

Iso excitou aínda máis a curiosidade de Margarida, resultando nunha porfía de brincadeira. Francisco cedeu finalmente. Esvacoouse nun enorme sillón de alto respaldo e cando a dama recolleu a cortina cun sorriso pillabán, púxose serio e sentido, mentres matinaba no motivo que inspirara o seu libelo contra as mulleres.

—Que vexo? —exclamou Margarida—, isto évos un delito de lesa maxestade...

“Souvent femme varie,
Bien fou qui s’y fie!”[2]

Con poucos cambios melloraría moito o voso dístico. Non soaría mellor así:

Souvent homme varie,
Bien folle qui s’y fie?[3]

Podería contarvos vinte historias sobre a inconstancia dos homes.

—Quedaría contento cunha soa historia auténtica de fidelidade feminina —dixo Francisco secamente—, pero non me encirredes. Por vos finxiría estar a ben con esas lenes mutabilidades.

—Desafíovos, maxestade —contestou Margarida de socate—, a que me poñades algún exemplo de impostura dalgunha dama nobre e de boa reputación.

—Como o de Emilie de Lagny? —preguntou o rei.

Ese era un tema doloroso para a raíña. A Emilie criárana na súa propia casa como a máis fermosa e a máis virtuosa das súas damas de honra. Amaba dende había moito ó señor de Lagny, así é que as nupcias se celebraran con ledicia e completo descoñecemento do ominoso futuro. Apenas un ano despois, acusaran a De Lagny de render traidoramente ó emperador unha fortaleza que estaba ó seu cargo, e fora condenado a cadea perpetua. Durante un tempo Emilie semellara inconsolable. Visitaba adoito o alxube do seu home e sufría á volta, de ve-la súa miseria, tal paroxismo de dor que ameazaba a súa vida. De súpeto, naquel tempo doloroso, desaparecera. Unha investigación só desvelara o feito deshonroso de que escapara de Francia coas súas alfaias e acompañada do seu paxe, Robinet Leroux. Espallárase a rexouba de que a dama e o mozo se aloxaran no mesmo cuarto, e Margarida, furiosa por esta descuberta, madou que non se buscara máis a súa favorita perdida.

Encirrada polo seu irmán, defendeu a Emilie, afirmando que creía na súa inocencia, chegando mesmo a chufarse de ser quen de presentar probas da súa inocencia nun mes.

—Robinet era un rapaz guapo —dixo Francisco a rir.

—Fagamos unha aposta —exclamou Margarida—. Se perdo, levarei o voso infame dístico coma vergoñenta divisa ata a sepultura; se gaño...

—Crebarei a fiestra e concedereivos calquera graza que queirades.

Durante moito tempo trobadores e xograres cantaron o resultado desta aposta. A raíña mandou un cento de emisarios e ofreceu recompensas por calquera información sobre Emilie en baluto. O mes estaba a acabar e Margarida tería dado unha morea de coruscantes alfaias por redimirse da súa promesa. Na véspera do terrible día, o carcereiro da cadea onde estaba preso o señor de Lagny pediu audiencia coa raíña, pois traía unha mensaxe do cabaleiro que dicía que, se dona Margarida pedía como graza o seu perdón e o seu real irmán lle permitía presentarse ante el, gañaría a aposta. A ecuánime Margarida estaba feliz e axiña fixo a promesa solicitada. Francisco non quería ve-lo seu desleal servente, pero estaba de boísimo humor, porque un cabaleiro trouxera aquela mañá novas da vitoria contra os imperialistas. O propio mensaxeiro era louvado no despacho como o cabaleiro máis destemido e valente de Francia. O rei cargouno de agasallos e só lamentaba que un voto lle prohibise levanta-la viseira ou dici-lo seu nome.

Aquel mesmo serán, cando o sol brillaba a través da celosía na que estaba escrita a descortés poesía, Francisco estaba sentado no mesmo sillón, e a fermosa raíña de Navarra, coa vitoria refulxíndolle nos ollos, estaba sentada ó seu carón. O preso entrou acompañado polos gardas: o seu corpo enfeblecera pola fame e camiñaba cambaleándose. Axeonllouse ó pé de Francisco e descubriu a cabeza; unha densa cabeleira dourada escapou entón e caeu polas sumidas fazulas e a pálida fronte do suplicante.

—Traizón! —berrou o rei—. Carcereiro, onde está o preso!

—Señor, non o culpe —dixo a voz suave e vacilante de Emilie—; homes máis sabios ca el foron enganados por unha muller. O meu querido señor era inocente do crime polo que o castigaron. Só había un xeito de salvalo: tomei as súas cadeas; el escapou co pobre Robinet Leroux vestido coma min; alistouse de novo no exército; o novo e galante cabaleiro que entregou o despacho á vosa maxestade e ó que cubirstes de honores e recompensas,

é o meu querido Enguerrard de Lagny. Agardei pola súa venida coa proba da súa inocencia para darme a coñecer á miña señora, a raíña. Gañou logo a aposta e a graza que pida...?

—Que será o perdón de de Lagny, —dixo Margarida axeonllándose ante o rei—. Perdoade ó voso leal vasalo, señor, e recompensade a fidelidade desta dama.

O primeiro que fixo Francisco foi rompe-la fiestra mentireira, logo levantou as damas da súa suplicante postura.

No torneo co que se celebrou esta “Vitoria das Damas”, o señor de Lagny levou tódolos premios; e había, sen dúbida, más fermosura nas pálidas fazulas de Emilie, máis graza na súa delgadez, sendo a mostra do verdadeiro afecto, ca no prote máis soberbio en na face máis fresca das belezas máis senlleiras asistentes á elegante festa.

Notas

[←1]

Tradución propia.

[←2]
Decote a muller varía,
é ben tolo o que se fía!
(Tradución propia)

[←3]
Decote o home varía,
    é ben tola a que se fía
(Tradución propia)